


# Récord de actividade dos procuradores de Vigo en 2024

- Os escritos aumentan un 21% e as notificacións un 20%
- 2.000 notificacións diarias nos xulgados vigueses

Evolución de escritos xestionados polos procuradores de Vigo



Fonte: Colexio de Procuradores de Vigo.

**07.01.2025.** As 133 procuradoras e procuradores colexiados no partido xudicial de Vigo realizaron en 2024 unha cifra récord de intermediación nos xulgados de Vigo, cos datos máis elevados de actividade dende que existen rexistros.

A cifra de escritos xestionados para os clientes en 2024 sitúase en 118.213, un 21% máis que en 2023 e moi superior a anos como 2019, antes da pandemia.

As notificacións rexistradas nos xulgados de Vigo acadaron tamén unha cifra récord, con 610.789 xestionadas, un 20% máis que en 2023. Segundo os datos do Colexio de Procuradores de Vigo, o número de notificacións xestionadas en xornadas hábiles sitúase en 2.000 diarias. De feito, setembro é o mes co maior número de notificacións e escritos xudiciais

xestionados polos procuradores, con 67.033, por vir precedido dun mes inhábil xudicialmente (agosto).

Nos últimos cinco anos (2020-2024), as notificacións rexistradas nos xulgados de Vigo incrementáronse un 39%.

O traballo xudicial dos procuradores está moi ligado aos avogados e aos departamentos xurídicos das empresas, pois son os encargados de elaborar e tramitar entre xulgados e xudiciables as diferentes fases de cada xuízo. O seu papel é clave no cumprimento dos prazos legais, mais os procuradores están a traballar co Congreso dos Deputados para que a nova lexislación aumente as súas competencias para axilizar a Xustiza e reducir o crecente atasco xudicial.

“Somos uns profesionais que, con máis competencias, como sucede en Portugal, poderíamos reducir o atasco xudicial á metade en só cinco anos”, sinala Gisela Álvarez, vicedecana dos procuradores de Vigo.

“Os xuíces e os xulgados de Vigo funcionan ben, temos na cidade mesmo xulgados modelo premiados pola súa dedicación. Os procuradores poderíamos restar tempo a cada caso, reducir ao mínimo os tempos das tramitacións e execucións se nos dan competencias como embargar, notificar ou executar”, subliña José Antonio Fandiño, decano do Colexio de Procuradores de Vigo.

O Colexio de Procuradores de Vigo conta con 133 profesionais colexiados, a gran maioría mulleres, que desenvolven a súa actividade no Porriño, Pontearreas, Redondela, Tui e Vigo.